



## As SemenTeiraS, o grupo de Traballo Social e feminismos do COTSG



Logo do Grupo de Traballo Social e feminismos: As SemenTeiraS

En palabras de Nuria Varela, o feminismo é un impertinente, basta con mencionalo para que os nosos interlocutores torzan o xesto, mostren desagrado, se poñan a defensiva ou directamente se comece unha discusión. A realidade é que o traballo feminista dos últimos tempos permitiu avances sociais e a recuperación dunha parte desa historia feminista escondida.

Victoria Sau, define o feminismo como un movemento social e político que comeza formalmente a finais do século XVIII e que supón a toma de conciencia das mulleres da opresión, dominación e explotación das que foron obxecto por parte dos varóns no seo patriarcal baixo as distintas fases históricas do modelo de produción, o que as moveu á acción para a liberación do seu sexo con todas as transformacións da sociedade que elas requirisen. Hoxe en día quedan claras as funcións do feminismo na nosa sociedade, máis patentes cando nos acercamos a datas como o próximo 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller, e comezamos a facer repaso das vítimas do machismo.

As Sementeirias, é o nome do grupo de “Traballo Social e Feminismos” dependente do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) que botou a andar en febreiro de 2020, porque, según manifestan "cremos no Traballo Social, con perspectiva de xénero e feminista, como ferramenta de transformación social” e porque “facer equipo empodera e facilita a saúde mental" segundo manifesta unha das súas integrantes, ademais engaden:

“Queremos contribuír co noso traballo á construción dun mundo máis amable, máis igualitario e habitable, con maior xustiza social e libre de violencias patriarcais.”

O Obxectivo das SemenTeiraS é crear un espazo de encontro, reflexión, debate e traballo profesional encamiñado á realización de actividades reivindicativas e culturais desde unha linguaxe máis accesible e menos académica, onde a defensa do Traballo Social está encamiñada a romper cos modelos sexistas que se atopan no día a día, e que poñen freo aos avances de cara a unha sociedade mais xusta e igualitaria, abrindo foros de reflexión que constrúan pontes de diálogo cara un mundo feminista e sostible.

As accións neste tempo de andadura como grupo estiveron dirixidas á colexiación e á cidadanía en xeral con actividades reivindicativas encamiñadas a concienciar, facer visibles e denunciar discriminacións, sexismos ou desigualdades que permanecen activas na sociedade e limitan as posibilidades de desenvolvemento integral das mulleres galegas, abrindo espazo para o debate e a reflexión.

Destacan as campañas de concienciación realizadas arredor de datas como o 8 de Marzo, Día Internacional da muller, coa campaña [“Sabías que...?”](#) aportando datos curiosos, de interese e estatísticos sobre as mulleres e o traballo ou a do 25 de novembro de 2020 coa campaña de gran impacto [“Tamen é Machismo”](#).

Na actualidade están a traballar na campaña do vindeiro 25 de novembro. A esta labor de concienciación, únese tamén unha labor divulgativa, mediante [diversos artigos de opinión](#) e tamén consolidándose como unha ferramenta de apoio e consulta de cara ao tecido asociativo galego, aos movementos feministas e ás diferentes administración públicas no eido da igualdade.

**Gabinete de Comunicación do COTSG**

**604 07 63 63**